

VIII XORNADAS *CIENCIA E TERRITORIO*: “ASPECTOS XEOLÓXICOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO (I)”

Melide, 13, 14 e 15 de setembro de 2010

Xustificación

O ensino non pode ser concibido sen que intente achegar o medio social, natural, económico e cultural á escola. É por iso polo que a partir do ano 2003, Nova Escola Galega e os Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do IES Melide propuxeron, nunha convocatoria anual, unhas xornadas de estudo, inicialmente centradas na comarca da Terra de Melide, pero que a partir deste ano se amplían a todo o ámbito galego.

A convocatoria nacía coa pretensión de ser exemplificadora a respecto de como os educadores e educadoras podemos aproveitar os recursos didácticos que nos ofrece o medio, e niso seguimos, aínda que o currículo relativo ao medio físico parece minguar a cada curso que pasa (desaparición das materias de *Xeoloxía* e *Ciencias Medio Ambientais*, optatividade para a materia de *Ciencias da Terra*, marxinalidade para a de *Xeografía de Galicia*...).

Despois de seren exploradas as posibilidades didácticas da Xeoloxía, da Xeomorfoloxía, da Botánica, da Arqueoloxía, da Auga (I e II) e dos Procesos glaciares e periglaciares en Galicia, as VIII Xornadas Ciencia e Territorio pretenden afondar en aspectos moi concretos da Xeoloxía galega. Aproveitando o evento do Xacobeo 2010 e, en concreto, a ruta do chamado Camiño Francés, que corta case perpendicularmente os diferentes tipos litolóxicos e estruturas xeolóxicas da Galicia oriental, faremos un transecto leste-oeste da mesma estudando os aspectos antes referidos.

Obxectivos da actividade

1. Coñecer *in situ* os diferentes tipos litolóxicos da Galicia oriental.
2. Coñecer *in situ* diferentes estruturas xeolóxicas da Galicia oriental.
3. Coñecer, para o seu posterior emprego educativo, particularmente, as posibilidades didácticas que nos ofrecen os aspectos xeolóxicos antes referidos.
4. Comprender a importancia dos recursos xeolóxicos.
5. Coñecer o traballo de investigación, relativo ao obxecto destas Xornadas, levado a cabo no ámbito universitario.

LUNS, 13 DE SETEMBRO

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide.

9.30 h.	Recepción e entrega de material.
10.00 h.	<u>Inauguración oficial.</u>
10.30 h.	<ul style="list-style-type: none">• Coordinador xeral das Xornadas.• Directora do IES Melide.• Inspectora de Educación de zona.• Presidenta de Nova Escola Galega.• Alcaldesa de Melide.
10.30 h.	<u>Conferencia inaugural: A Xeoloxía de Galicia.</u>
12.00 h.	Pablo González Cuadra. Doutor en Xeoloxía. Investigador do <i>Instituto Geológico y Minero de España (IGME)</i> .
12.00 h.	Almorzo de benvida.

Mañá. Val do río Neira (Lugo).

12.30 h.	Saída para Baralla (Lugo).
14.30 h.	<u>Traballo de campo 1.</u> <i>Cartografía de pregues no val do río Neira.</i> Pablo González Cuadra. Doutor en Xeoloxía. Investigador do <i>Instituto Geológico y Minero de España (IGME)</i> .
14.30 h.	Xantar de campo.

Tarde. Val do río Neira (Lugo).

16.00 h.	<u>Traballo de campo 1</u> (cont.). <i>Cartografía de pregues no val do río Neira.</i>
20.00 h.	Pablo González Cuadra. Doutor en Xeoloxía. Investigador do <i>Instituto Geológico y Minero de España (IGME)</i> .

Noite. Neira de Rei (Baralla).

21.00 h.	Cea colectiva
----------	---------------

MARTES, 14 DE SETEMBRO

Mañá. Contorna do Camiño de Santiago: Val do río Neira e Becerreá.

9.00 h.	<u>Traballo de campo 1</u> (cont.). <i>Cartografía de pregues no val do río Neira.</i>
10.30 h.	Pablo González Cuadra. Doutor en Xeoloxía. Investigador do <i>Instituto Geológico y Minero de España (IGME)</i> .

10.30 h. Traballo de campo 2. *Observación das calizas de Vegadeo (gal. A Veiga) nas proximidades de Becerreá.*

Pablo González Cuadra.

Doutor en Xeoloxía.

Investigador do *Instituto Geológico y Minero de España (IGME)*.

12.30 h. Traballo de campo 3. *Visita ao "karst" de Cruzul, nas calizas de Vegadeo (gal. A Veiga).*

14.00 h. *Veiga).*

Pablo González Cuadra.

Doutor en Xeoloxía.

Investigador do *Instituto Geológico y Minero de España (IGME)*.

14.00 h. Xantar de campo.

Tarde. Camiño de Santiago: Pedrafita, O Cebreiro, Triacastela, Sarria.

16.00 h. Traballo de campo 4. *Observación e análise de litoloxías e estruturas no treito do Camiño Pedrafita-Sarria:*

Vista panorámica e contextualización.

O Cebreiro: Inferencia de pregues mediante relacións entre estratificación e foliación.

Liñares: Calizas e dolomías de Vegadeo (gal. A Veiga).

Hospital: Revisión de estruturas xeolóxicas.

Fonfría (ou Padornelo): Revisión de estruturas xeolóxicas.

Baixada a Triacastela: A serie de Vilalba, pregues deitados e falla de Triacastela.

Pablo González Cuadra.

Doutor en Xeoloxía.

Investigador do *Instituto Geológico y Minero de España (IGME)*.

Noite. Sarria.

21.00 h. Cea colectiva

MÉRCORES, 15 DE SETEMBRO

Mañá. Contorna de Sarria.

9.00 h. Saída

9.30 h. Traballo de campo 5. *Visita á mina de magnesitas de Rubiá.*

12.00 h. **Xeólogo** responsable da empresa *Magnesitas de Rubiá.*

12.30 h. Traballo de campo 6. *Visita á fábrica de cementos Oural.*

14.00 h. **Técnico** responsable da fábrica de cementos *Oural.*

14.00 h. Xantar de campo.

Tarde. Contorna de Sarria.

16.00 h. Traballo de campo 7. *Cuncas cenozoicas en Galicia: A cunca de Sarria.*

18.30 h. *Observación de materiais terciarios e cuaternarios na depresión de Sarria.*

Pablo González Cuadra.

Doutor en Xeoloxía.

Investigador do *Instituto Geológico y Minero de España (IGME)*.

18.30 h. Asemblea de campo:

19.30 h. Conclusións das VIII Xornadas "Ciencia e Territorio".

Clausura oficial.

Debe ser tido en conta que se precisa a indumentaria axeitada para as saídas de campo (roupa e calzado para andar, e algo para o sol ou choiva).

Aloxamento en Neira de Rei – Baralla:

Os prezos son orientativos. Cada persoa debe confirmar a súa propia reserva canto antes lle sexa posible.

- HOSTAL FONTE DA SAÚDE II. Teléfono 982 363 662

Cuarto dobre: 15 €

- CASA DE TURISMO RURAL DA BOUZA. Teléfonos 982 363 411 / 676 601 530

(www.casabouza.com)

Cuarto dobre: 50 €

Aloxamento en Sarria:

Os prezos son orientativos. Cada persoa debe confirmar a súa propia reserva canto antes lle sexa posible.

- HOTEL "IL FIORINO". Teléfono 982 53 54 00

Cuarto simple: 28 €

Cuarto dobre: 40 €

- HOTEL "MAR DE PLATA". Teléfono 982 53 07 24

Cuarto simple: 35 €

Cuarto dobre: 52 €

- HOTEL "ROMA". Teléfono 982 53 22 11

Cuarto simple: 39 €

Cuarto dobre: 50 €

- HOTEL " ALFONSO IX". Teléfono 982 53 00 05

Cuarto simple: 55 € + IVE

Cuarto dobre: 69 – 84 € + IVE

- HOTEL "VILLA DE SARRIA". Teléfono 982 53 38 73
Cuarto simple: 56 €
Cuarto dobre: 70 €

- ALBERGUES PRIVADOS (pechan ás 11 da noite):

- Albergue " Los Blasones". Teléfono 600 512 565 (9 €/persoa).
- Albergue " Don Álvaro". Teléfono 982 531 592 (9 € /persoa).
- Albergue " Internacional". Teléfono 982 535 109 (10 €/persoa).
- Albergue "O Durmiñento". Teléfono 982 531 099 (10 €/persoa).

Matrícula:

Ata o 29 de xullo de 2010:

- Socios/as de *Nova Escola Galega*: 40 €.
- Parados/as: 50 € (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 80 €.

A partir do 30 de xullo de 2010:

- Socios/as de *Nova Escola Galega*: 50 €.
- Parados/as: 60 € (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 90 €.

Destinatarios/as:

Profesorado de Educación Secundaria do ensino público e concertado.

Forma de pagamento:

Transferencia bancaria á conta de Nova Escola Galega en CAIXA GALICIA
nº de conta: 2091 – 0300 – 45 – 3040089500

É posible solicitar axuda económica para a asistencia a esta actividade de formación, segundo a Orde do 8 de xaneiro de 2010 (DOG do 11 de febreiro).